



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Ligonde-San Simón (Palas de Rei, Guntín e Monterroso, Lugo), promovido por ENEL UNIÓN FENOSA RENOVABLES, S.A., clave 2011/0097,

EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento ambiental*" o proxecto ubicaríase dentro da zona tampón da Reserva da Biosfera "Terras do Miño".
2. Que, de acordo co "*Documento ambiental*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 17 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Discoglossus galganoi*, *Ciconia ciconia*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Myotis myotis*).

SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Ligonde-San Simón (Palas de Rei, Guntín e Monterroso, Lugo), promovido por ENEL UNIÓN FENOSA RENOVABLES, S.A., clave 2011/0097, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe alternativas para minimizar o impacto (de aeroxeneradores e vias de acceso) sobre zona tampón da Reserva da Biosfera "Terras do Miño".
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Discoglossus galganoi*, *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos vias de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxearas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Ciconia ciconia*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Myotis myotis*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.

3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011